

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 19 DE DECEMBRO DE 1996.-

Na Sede Provisional da Casa do Ilmo. Concello de Ribadavia, sita en Salgado Moscoso 9, o día dezanove de Decembro de mil novecentos noventa e séis; ás séis da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria oportunamente convocada da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**UNICO.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, tendo en conta o informe de Don Rafael Llano de la Concha, Enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos, director das obras de Urbanización da Praza Maior do Concello de Ribadavia, por unanimidade, presta aprobación a certificación ordinaria nº 1 da obra denominada "Urbanización da Praza Maior do Concello de Ribadavia", por importe de 35.660.000 pesetas.

E sendo as seis e cuarto da tarde, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.